



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 8/2018, EXTRAORDINARIA, 19 DE DECEMBRO DE 2018

EXPEDIENTE: 2018/G003/000487

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2018/8

CARÁCTER: Extraordinaria (mércores 19 de decembro de 2018, ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible e dentro dos prazos establecidos en cadanseu expediente, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o mércores 19 de decembro de 2018, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

ORDE DO DÍA

1.-Aprobación da acta da sesión anterior (7/2018, ordinaria, do 29 de novembro de 2018)

2.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o ano 2019.

3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, da Deputación Provincial da Coruña.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os sres/as. concelleiros/as da Corporación (tendo en conta a designación polos distintos grupos políticos municipais dos membros titulares e suplentes do órgano convocado), advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto o decreto,
O SECRETARIO
Diego García Doval